

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e cinco de febreiro de 2026, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNO

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a primeira prórroga do contrato dende o 21/04/2026 ata o 20/04/2027 no expediente de contratación do programa de hortos educativos nos centros públicos de educación infantil e primaria e nas escolas infantís municipais do Concello de Lugo. Exp. ref. 2025/C003/000007.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación da renovación de licenzas (mantemento e actualización) do sistema de xestión policial integral en uso na policía local de Lugo e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2025/C004/000036.

2. PERSOAL.- Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de psicólogo/a, en quenda libre (OEP 2023).

Tamén se acorda a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 prazas de oficial albanel pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OPE 2025).

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación das bases específicas para o

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac481064792249953519.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-2-2026

acceso en propiedade de 1 prazas de oficial fontaneiro pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OPE 2025).

Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 prazas de oficial cociñeiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OPE 2025).

Así mesmo, acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de técnico/a medio de xestión pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OPE 2025).

Tamén se acorda a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OPE 2025).

Do mesmo xeito, acórdase o nomeamento de dous funcionarios/as de carreira do Excmo. Concello de Lugo, para desempeñar as prazas de celador/a ceip (grupo AP (agrupacións profesionais); escala: administración especial; subescala: servizos especiais).

Fóra da orde do día

- Aprobación da addenda terceira ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Lugo para a xestión do servizo de comedor escolar en des centros educativos do Concello.

- Obra “Corazón verde entre murallas: Praza de Santo Domingo e rúa Teatro” dentro do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sustentable do transporte urbano no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado a través do Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana. Código de proxecto 22XX00017 (Next Generation Eu). Exp. Ref. 2022-C002-000032. Desestimación de recurso de reposición contra o Decreto 11870/2025 de imposición de penalidade por retraso.

- Contrato do programa “Camiño ás Aulas” nos centros públicos de educación

infantil e primaria do Concello de Lugo. Exp. 2025-C003-000009. Modificación do contrato e prórroga ata o 25.06.2026.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxó Fernández.